



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE
NOVEMBRO DE 2011**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO (que se ausenta ás 21:25 h)
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA

Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

INTERVENTORA

D^a. CELSA PÉREZ GIL

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día tres de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, réunese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 6 DE OUTUBRO DE 2011 E 24 DE OUTUBRO DE 2011

2º.- PROPOSICIÓN DO GRUPO DO BNG RELATIVA Á MELLORA DO ACCESO Á AP-53 DO ALTO DA ROCHA.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2011, AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 6 DE OUTUBRO DE 2011 E 24 DE OUTUBRO DE 2011 Apróbanse por unanimidade as actas das sesións plenarias, celebradas os días 6 de outubro e 24 de outubro de 2011. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- PROPOSICIÓN DO GRUPO DO BNG RELATIVA Á MELLORA DO ACCESO Á AP-53 DO ALTO DA ROCHA.

Sr. Alcalde: Antes de proceder á exposición de motivos, debemos votar a inclusión desta iniciativa na orde do día ao non contar co ditame da Comisión informativa correspondente como é preceptivo, e polo tanto por un aspecto formal procedemos primeiro a votar a inclusión deste punto na Orde do Día e se é aprobada procederemos ao debate.

Ratifícase por unanimidade a súa inclusión na orde do día.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: Vou intentar ser breve, parecíame que este Pleno ía ser breve, pero vexo que hai varias mocións fóra da orde do día; entón procurarei que as miñas sexan máis breves. Non vou ler a exposición de motivos, pois este enlace é sobradamente coñecido en que situación está. Neste momento estanse elaborando os presupostos xerais do Estado e do Goberno Galego, e cremos que é o momento de facerlles ver aos que teñen competencias nos dous viais que están afectados, como é unha estrada nacional e outra de ámbito autonómico, pois de instar aos gobernos do Estado e ao galego a que reparen e fagan viable este enlace coa autoestrada, dado que para os vehículos pesados é imposible que accedan de xeito legal, pois si acceden moitos deles pero de xeito ilegal, entran por dirección prohibida, pois polo vial que está preparado é imposible que se meta por alí un camión cando xa é perigoso para un turismo. Pois que as administracións cumpran coas súas obrigas e lles solucionen os problemas aos cidadáns en particular aos traballadores do sector dos transportes.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: Efectivamente como dicía o representante do BNG o enlace do Alto da Rocha coa autoestrada vén sendo un problema que esta Corporación Municipal, na súa etapa anterior xa tiña detectado, posto que nalgún momento xa o Pleno do Concello da Estrada se manifestou ao respecto, xa se instou á Xunta a mellorar ese acceso. Os vehículos pesados veñen tendo problemas e non só os pesados senón tamén o autobús escolar e demais. É o momento de lembrarlle á Xunta que xa o Concello da Estrada ten feito esta demanda, que o problema está aí, que continúa estando aí e que non se solucionou e que é o momento que o teñan en conta cara aos orzamentos ou simplemente que como é unha necesidade que acarrea problemas na seguridade vial no tráfico pois que se tomen cartas no asunto pois é unha vía da súa competencia. Polo tanto, o grupo municipal socialista, como xa fixemos noutras ocasións, e atendendo ás necesidades dos nosos veciños e veciñas e concretamente dos transportistas que nos fixeron saber deste problema, estamos a favor desta moción presentada polo BNG.

Finalmente, adóptase por unanimidade o seguinte ACORDO:

Que o Pleno do Concello da Estrada inste ao Ministerio de Fomento e á Xunta de Galiza a que mellore o acceso á AP-53 do Alto da Rocha, axeitándoa especialmente ao tráfico pesado de vehículos.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE INDISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 45/2011).

Preséntase unha moción con carácter de urxencia polo Sr. Alcalde relativa á aprobación de expediente de declaración de indispoñibilidade de créditos (modificación orzamentaria nº 45/2011).

Sr. Alcalde: Fóra da orde do día, e tal e como é coñecido polos representantes dos grupos políticos con representación na Corporación Municipal, imos someter a incorporación e ratificar a urxencia de dous puntos que foron tratados xa en comisión informativa. O primeiro deles é o expediente de indispoñibilidade de créditos modificación orzamentaria nº 45/2011, que como ben saben foi debatido na comisión informativa e decláranse créditos non dispoñibles en aras a saldar o remanente de tesourería negativo que se deduce do Orzamento 2010, un total de 144.422 €, co desglose que acompaña á documentación que teñen no seu poder. Polo tanto, se lles parecer ben, procedemos a ratificar a urxencia de inclusión deste punto na orde do día e logo procedemos á súa votación.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *Con respecto á urxencia deste punto, se ben é certo que pasou por unha comisión ás dúas da tarde, que xa se tiña falado máis veces que era preferible non facela, porque a xente estaba traballando, co que convocada ás dúas da tarde o día antes do Pleno, tendo en conta que xa se sabía que o Pleno ordinario deste mes caía nesta data, pois é o primeiro xoves de mes sabendo que o concelleiro de Facenda ten tempo a traballar nestes temas ou que polo menos os estradenses estamos colaborando para que teña ese tempo, entendemos que isto tiña que vir incorporado dentro da orde do día, que esta improvisación e esta falta de orde nunca mellor dito, vén sendo reiterado en máis ocasións, dixemos xa isto máis veces, que nos parece ben que hai unhas comisións, uns plenos aos que levar os asuntos e é así como se debe facer, polo tanto dicindo que debía formar parte da Orde do Día e que se debería tratar doutra forma, este grupo vai presentar a súa abstención.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Simplemente aclarar que non é falta de previsión só foi o motivo da convocatoria problemas do persoal de Intervención, simplemente á hora de notificala.*

Procédese á votación relativa á urxencia do asunto, apreciándose por maioría absoluta cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e absténdose os 10 Concelleiros do grupo do PSdeG-PSOE e do grupo do BNG.

Suscítase algunha dúbida en relación coa orde en que deberían ser tratados os expedientes que aparecen numerados como 44 e 45. Solicítase a palabra polo Secretario e (concedida polo Sr. Presidente), sinala que, consultado o asunto con Intervención, detectouse que houbo un erro na orde na que estaban numerados os asuntos, de xeito que o asunto que se debe tratar primeiro é o 45 e despois o 44. Melloras explicacións podería aportar Intervención, pero en definitiva se trata de que o destino dos créditos non debe tratarse antes de que os mesmos sexan declarados dispoñibles.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *O Expediente 45 de modificación orzamentaria, falamos de créditos dispoñibles, estamos falando de destinar 114.000 € a sanear o remanente e 25.000 € a un crédito de endebedamento. Estes 138.000 € proceden do 5% das retribucións do persoal, un 5% que está vinculado por lei para sanear remanentes de tesourería para diminuír o nivel de endebedamento, financiar investimentos e demais. Hai un uso concreto ao que destinar esta masa, é dicir este diñeiro que procede desta redución ao persoal funcionario, polo tanto xa se fixo así, continuarase facendo así e as veces que se continúe facendo isto, terá que facerse así porque así están vinculados, esa é a súa finalidade (facer iso). Polo tanto, estando de acordo con esa finalidade e co destino que se lle quere dar para o tema de tesourería e para a transferencia de crédito, o que non pode estar de acordo o grupo municipal socialista é no trato que se está facendo deste tema, un trato de discriminación utilizando como arma para tirar contra o anterior goberno. Non máis alá de hoxe a mediodía escoitabamos no programa de media hora diaria que ten diariamente o Sr. Alcalde na radio municipal, escoitabamos como lanzaba dardos para difamar con isto ao anterior goberno. Vén sendo unha práctica habitual deste goberno que se ben a oposición creo que demostrou en todo momento que cando hai que votar a favor e estar a carón do goberno o está e cando hai que facer proposta as fai, o que non podemos asumir é este trato, esta vexación continua por parte do Alcalde e por parte dalgún membro do seu goberno, ao outro goberno. Polo tanto, este diñeiro ten unha finalidade concreta e está marcado así por lei, pero o que non podemos estar de acordo é coa manipulación que se está a facer, como dicía antes. En prensa, na media hora diaria de radio e demais veces que ten intervención pública, estase utilizando para lanzar, acusar con difamacións ao anterior goberno e os seus membros, polo tanto xa está ben e pedimos que cambie o xeito de facer política deste grupo municipal no goberno do PP, porque ese non é o xeito. Todos debemos traballar en positivo, e díxose neste Pleno miles de veces que a oposición está para fiscalizar o traballo do goberno e para achegar; polo tanto nós estamos a facelo con respecto, vostedes o saben, queríamos facelo con respecto e estámolo facendo, actuamos con respecto cara o goberno, polo que esiximos tamén o mesmo trato de respecto. E efectivamente hai un diñeiro aí que se pode facer e esa é parte da xestión do goberno e*

aceptámolo así, facer a modificación orzamentaria a destinar dunha partida a outra ou establecer os proxectos a que debe ir destinados; agora, o que non é de recibo é ese trato continuamente discriminatorio cara o anterior goberno, non podemos estar de acordo con iso se ben estamos de acordo no destino que se está a facer; dicimos simplemente que hai que coidar as formas cara ós membros deste Pleno e cara á propia institución. Hai unhas ordes do día que respectar, uns procedementos que están claramente marcados, comisións, plenos e demais e polo tanto chamamos ao respecto e pedimos dunha vez por todas que se deixe de actuar discriminatoriamente cara ó anterior goberno.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: *Como manifestabamos na comisión do día de onte, comprendemos o fin que persegue o goberno, que está marcado por lei a onde teñen que destinar esta retención do 5% da masa salarial do persoal do Concello, pero o que non estamos de acordo é por que se ten que facer este tipo de medidas, non nos parece normal que se estea legislando para obrigar aos concellos a tomar medidas que non tiñan por que ser necesarias. Non cremos que a redución do gasto sexa o que nos vai levar á saída desta crise senón todo o contrario (ben, o gasto sempre que sexa gasto sensato, non superfluo). Entón, como xa manifestei onte, imos votar en contra desta medida entendendo que é o que ten que facer o goberno porque é o que marca a lei; o que non estamos de acordo é na medida en que se engloba, que é unha medida máis ampla, coa reforma da Constitución, etc. Como non sei as declaracións que houbo hoxe a mediodía non vou entrar nelas.*

Sr. Alcalde: *Simplemente recordar que no fondo estamos todos de acordo, como non pode ser doutra forma; estamos dando trámite a algo que vén regulado e disposto por unha normativa superior. Podo entender o argumento do voceiro do BNG, pero claro, condicionar que este destino é razoable ou legal ou obrigatorio..., eu se lles digo e vostedes o saben: que temos catro fórmulas para destinar este recorte do 5% no gasto de persoal, que é unha medida imposta polo Goberno Central na Lei de orzamentos, que nos di que debe ser ou para solucionar o remanente de tesourería. Nisto, tamén lles digo aos outros intervintes que me precederon no uso da palabra: hai un remanente negativo de tesourería co que nos atopamos, esa é a realidade. Ogallá nos atopáramos outra realidade, cun remanente de tesourería positivo, como había no ano 2007 no primeiro orzamento que compartiron co anterior goberno, o goberno bipartito, e que tiña setecentos mil euros en positivo de remanente, ogallá herdáramos nós ese remanente, ogallá herdáramos o remanente que había no 2009 de 2.800.000 €; pero non, nós herdamos un remanente negativo de 114.000 €, iso quere dicir que o Concello non é que non teña aforros senón que debe diñeiro, e polo tanto debemos cubrir, e a lei permítenos que o 5% da masa salarial se aplique a cubrir un remanente negativo que se herda nese exercicio no que se gastou máis do que se tiña; se non tivéssemos ese remanente negativo, eses 140.000 € seguramente os podíamos destinar a amortizar crédito ou ao financiamento de investimentos ou a outros tipos de proxectos, sempre e cando non fose necesario nos tres primeiros pasos que acabo de mencionar, esa sería a realidade. E pódolles garantir a todos que a nós como goberno gustaríanos moitísimo máis esa segunda opción, pero non nos queda máis remedio que cubrir eses buratos que nos quedaron no exercicio 2010, que foron buratos porque se gastou máis do que había. Polo tanto, no exercicio das nosas funcións e acatando a lexislación, cousa na que non deberíamos estar en desacordo, pois estamos cumprindo unha normativa e un precepto legal, independientemente de que o Sr. Magariños poida estar en contra da invasión de Irak, non entendo que poida estar en contra desta proposta; pode estar vostede en contra da modificación do marco regulador ou das decisións que tomou o Goberno Central nos últimos anos ou da modificación da Constitución, pero non ten nada que ver co punto da orde do día que estamos examinando hoxe, que é aplicar os remanentes ao remanente de tesourería negativo e á amortización da débeda, esa é a realidade. ¿Que facemos con ese 5%?, cumprir a lei, que é o que estamos facendo. Polo tanto sometemos a votación este punto da orde do día.*

Finalmente, adóptase o seguinte ACORDO cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP e absténdose os 10 Concelleiros do grupo do PSdeG-PSOE e do grupo do BNG: Incoado o expediente de modificación do orzamento número 45/2011, motivado pola aplicación do Real Decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan do artigo 14 do RD-I que establece que "Decláranse recursos afectados medidas

extraordinarias para a redución do déficit público, no Concello da Estrada, e en virtude os derivados da aplicación das medidas de redución de costes de personal nos exercicios 2010 e 2011, que se destinarán, coa orde de preferencia na que están relacionados, as seguintes finalidades:

a) A sanear o remanente de tesourería derivado da última liquidación, cando este fose negativo.

b) A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.

c) Ao financiamento de investimentos.

d) Cando non resulten de aplicación os apartados a) ou b), os recursos non aplicados no propio exercicio ao financiamento de investimentos, destinaranse en sucesivos exercicios ás finalidades establecidas nos apartados a), b) e c), coa mesma orde de prelación, ata a súa aplicación total.”

No Concello da Estrada, vista a situación actual do mesmo, resultando da última liquidación do exercicio 2010 un remanente de tesourería negativo en (-) 114.422,13 €, implica destinar os recursos obtidos pola diminución do 5% da retribucións do persoal (139.524,77 €), en parte (114.422,13€) a sanear tal remanente, e en parte (25.102,64 €) a diminuír o nivel de endebedamento.

Visto o informe de Intervención de data 28 de outubro de 2011.

ACORDAMOS:

PRIMEIRO: Declarar créditos non dispoñibles, en aras a destinalos a sanear o Remanente de Tesourería negativo que se deduce da liquidación do orzamento 2010, un total de 114.422,13 €, cuxo desglose por partidas é o seguinte:

PARTIDA	DESCRICIÓN	IMPORTE DECLARADO NON DISPOÑIBLE
132,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS. POLICÍA LOCAL	8.857,21 €
132,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS (DESTINO). POLICÍA LOCAL	4.063,10 €
132,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS (ESPECÍFICO). POLICÍA LOCAL	2.261,43 €
151,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. URBANISMO	7.401,30 €
151,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. URBANISMO	2.772,40 €
151,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. URBANISMO	3.029,89 €
1611,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. SERVIZO AUGAS	213,60 €
1611,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. SERVIZO AUGAS	1.019,88 €
1611,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. SERVIZO AUGAS	855,44 €
162,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. LIXO E M. AMBTE.	284,26 €
162,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. LIXO E M. AMBTE.	1.048,28 €
162,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. LIXO E M. AMBTE.	865,14 €
165,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. ALUMEADO	147,59 €
165,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. ALUMEADO	634,61 €
165,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. ALUMEADO	693,09 €
2300,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO.	74,15 €

	SERVIZOS SOCIAIS XERAIS	
2300,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. SERV. SOCIAIS XERAIS	221,00 €
2300,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. SERV. SOCIAIS XERAIS	168,15 €
320,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. EDUCACIÓN BÁSICA	1.531,53 €
320,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. EDUCACIÓN BÁSICA	903,90 €
320,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. EDUCACIÓN BÁSICA	458,04 €
330,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. CULTURA	1.098,89 €
330,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. CULTURA	555,41 €
330,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. CULTURA	482,34 €
340,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. DEPORTES	64,21 €
340,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. DEPORTES	385,27 €
340,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. DEPORTES	363,83 €
431,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. COMERCIO INTERIOR	108,31 €
431,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. COMERCIO INTERIOR	413,64 €
431,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. COMERCIO INTERIOR	400,90 €
4500,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. VÍAS PÚBLICAS	144,71 €
4500,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. VÍAS PÚBLICAS	442,01 €
4500,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. VÍAS PÚBLICAS	388,33 €
9200,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. ADMINISTRACIÓN XERAL	5.696,68 €
9200,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. ADMINISTRACIÓN XERAL	3.126,83 €
9200,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. ADMINISTRACIÓN XERAL	3.293,42 €
9201,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. ARQUIVO	547,85 €
9201,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. ARQUIVO	277,70 €
9201,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. ARQUIVO	258,06 €
930,120,10	RETRIBUCIÓN BÁSICAS.PERSOAL FUNCIONARIO. SERVICIOS ECONÓMICOS	7.235,50 €
930,121,00	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. SERVICIOS ECONÓMICOS	3.767,08 €
930,121,01	RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. SERVICIOS ECONÓMICOS	4.098,44 €
927,131,00	RETRIBUCIÓN PERSOAL LABORAL. DEPARTAMENTO INFORMÁTICA	2.662,42 €
3240,130,00	RETRIBUCIÓN PERSOAL LABORAL FIXO. CONSERVATORIO DE MÚSICA	5.694,31 €
912,110,00	RETRIBUCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL. ASESORAMENTO ESPECIAL	2.424,20 €
2300,131,00	RETRIBUCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL. SERVICIOS SOCIAIS XERAIS	1.100,87 €
2321,131,00	RETRIBUCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL. DROGODEPENDENCIAS	992,54 €
2324,131,00	RETRIBUCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL. SERVICIO DE INFORMACIÓN Á MULLER	751,34 €
912,110,02	OUTRAS REMUNERACIONES PERSOAL EVENTUAL. GRATIF. ÓRG. GOBERNO	60,00 €
132,131,00	OUTRAS RETRIBUCIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL. POLICÍA LOCAL	1.517,45 €

3240,131,00	RETRIBUCIÓNS PERSOAL LABORAL TEMPORAL. CONSERVATORIO DE MÚSICA	1.150,00 €
340,131,00	RETRIBUCIÓNS PERSOAL LABORAL TEMPORAL. DEPORTES	740,70 €
4500,131,00	RETRIBUCIÓNS PERSOAL LABORAL TEMPORAL. VÍAS PÚBLICAS	378,50 €
9200,131,00	RETRIBUCIÓNS PERSOAL LABORAL TEMPORAL. ADMINISTRACIÓN XERAL	171,21 €
930,131,00	RETRIBUCIÓNS PERSOAL LABORAL TEMPORAL. SERVIZOS ECONÓMICOS	851,95 €
9200,150,00	PRODUTIVIDADE. FUNCIONARIOS	5.850,00 €
9200,150,01	PRODUTIVIDADE. SUBSTITUCIÓN CATEGORÍAS SUPERIORES	525,00 €
9200,150,02	PRODUTIVIDADE. PERSOAL LABORAL FIXO	2.025,00 €
9200,150,03	PRODUTIVIDADE. PERSOAL LABORAL TEMPORAL	791,35 €
920,121,03	DOTACIÓN PARA A NEGOCIACIÓN COLECTIVA PERSOAL CONCELLO	6.300,00 €
330,131,00	RETRIBUCIÓNS PERSOAL LABORAL TEMPORAL. CULTURA	360,00 €
151,131,00	RETRIBUCIÓNS PERSOAL LABORAL EVENTUAL. URBANISMO	532,50 €
930,151,00	GRATIFICACIÓNS. PERSOAL FUNCIONARIO. SERVIZOS ECONÓMICOS	5.753,10 €
930,130,01	OUTRAS REMUNERACIÓNS. PERSOAL LABORAL FIXO. SERVIZOS ECONÓMICOS	2.661,10 €
132,131,01	OUTRAS REMUNERACIÓNS. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. POLICÍA LOCAL	75,00 €
151,131,01	OUTRAS REMUNERACIÓNS. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. URBANISMO	75,00 €
2300,131,01	OUTRAS REMUNERACIÓNS. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. SERVIZOS SOCIAIS XERAIS	100,00 €
2322,131,01	OUTRAS REMUNERACIÓNS. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. VOLUNTARIADO	75,00 €
2324,131,01	OUTRAS REMUNERACIÓNS. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. SERVICIO DE INFORMACIÓN Á MULLER	50,15 €
927,131,01	OUTRAS REMUNERACIÓNS. PERSOAL LABORAL. DEPARTAMENTO INFORMÁTICA	100,00 €
TOTAL:		114.422,13 €

SEGUNDO: Este expediente de modificación do orzamento, que se aproba inicialmente, será exposto ó público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

B) EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS Nº 20/D/2011 (MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 44/2011).

Sr. Alcalde: Algunha intervención respecto á declaración de urxencia?.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *Imos tomar a palabra para reiterar os argumentos, é algo de xestión diaria facer modificacións de crédito e transferencias, polo tanto que un goberno municipal que ten persoal suficiente, que o leve por urxencia a un Pleno ordinario denota falta de previsión e improvisación no goberno, o que entendemos que é moi prexudicial para o Concello da Estrada, polo tanto novamente imos abstermos nesta urxencia.*

Procédese á votación relativa á urxencia do asunto, apreciándose por maioría absoluta cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, e absténdose os 10 Concelleiros do grupo do PSdeG-PSOE e do grupo do BNG).

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *Efectivamente estamos falando outra vez que é propio das actividades de xestión dos membros dun goberno facer transferencias, polo tanto se ben iso é correcto e propio da súa xestión e denota traballo, tamén denota traballo o respecto á oposición; e podería dar outra vez os mesmos argumentos (e ímonos abster estando de acordo no fondo), pero de facelo implica que tamén me van a min a repetir o que me acaban de dicir durante 10 minutos agora, entón para suprimir eses 10 minutos e aforralos, tomamos nota do mesmo e nos imos abster polas formas e non polo fondo.*

Sr. Magariños Maceiras do BNG: *Como ben di, esta modificación de crédito vai para cubrir este remanente negativo, porque se gastou. Quero lembrarlle que o remanente de 2009, que eran case tres millóns de euros, das catro forzas políticas que naquel momento compoñían este Pleno Municipal, só houbo unha que se opuxo a que ese remanente se gastase, que foi o BNG; as outras tres forzas votaron para que este remanente se investise en obras diversas, co cal, a culpa de que non exista este remanente é de quen apoiou cos seus votos que se gastase este remanente.*

Sr. Alcalde: *O que está claro é o que di vostede de que non hai remanente é porque se gastou, aí estamos todos de acordo en algo tan sinxelo. Se gastou o remanente e quedou en vermello 114.000 €, e é algo que temos que corrixir de dúas maneiras, ou temos a decisión de facelo desta forma, aplicando un diñeiro que por lei hai que recortarlles aos funcionarios para pagar este diñeiro, ou senón pechando o exercicio cun superávit orzamentario polo importe deste remanente. Entendemos que é ir xa liquidando as débedas de gobernos anteriores; é mellor intentar ir dando pasos en firme e sabendo realmente o diñeiro co que contamos para 2012 e ser previsores e poder pagar, curbrir os buratos que deixou o anterior goberno; e non estou culpando nin sendo insensible co anterior goberno, creo que estou sendo respectuoso pois cada un fai a súa xestión. O goberno anterior tivo moitos millóns de euros e falaba de 14 millóns de euros, un investimento récord na historia do noso Concello, pois gastaron iso e máis ca iso, por riba de ter o investimento máis alto en toda a historia. E é unha situación que agora o goberno anterior gastou, e o actual ten que pagar, esa é a realidade; e como é a realidade nós temos que poñer os medios e intentar facelo do xeito que prexudiquemos o menos posible a situación do Concello da Estrada para o ano que vén. O ano 2012 vai ser un ano difícil e queremos intentar ter as bases sentadas a nivel orzamentario para facer un exercicio que dadas as dificultades orzamentarias que imos ter (porque é inevitable e todo mundo sabe que as vai haber), facer un orzamento que sexa unha palanca motor de arranque da situación económica actual e que A Estrada empece a arrancar con actividade económica e que empecemos a saír ou ver o final desta profunda crise, esa é a nosa intención. E polo tanto temos que tomar medidas que nos permitan afianzar esa ferramenta para o ano 2012 que eu creo que van ser austeros, difíciles de encaixar e cun esforzo bastante forte na contención do gasto. E nesa austeridade que caracteriza a este goberno, cremos que serán uns orzamentos prácticos para os veciños e os seus cidadáns, por iso cremos que son uns orzamentos necesarios e por iso ademais a urxencia da súa incorporación na orde do día e do seu debate plenario.*

Finalmente, adóptase o seguinte ACORDO cos votos a favor dos 11 Concelleiros do grupo do PP, 9 abstencións dos Concelleiros do grupo do PSdeG-PSOE e 1 voto en contra do Concelleiro do grupo do BNG:

En cumprimento do Real Decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, no Concello da Estrada, e en virtude do artigo 14 do RD-I que establece que "Decláranse recursos afectados medidas extraordinarias para a redución do déficit público, no Concello da Estrada, e en virtude os derivados da aplicación das medidas de redución de custes de persoal nos exercicios 2010 e 2011, que se destinarán, coa orde de preferencia na que están relacionados, as seguintes finalidades:

a) A sanear o remanente de tesourería derivado da última liquidación, cando este fose negativo.

b) A diminuír o nivel de endebedamento a longo prazo.

c) Ao financiamento de investimentos.

d) Cando non resulten de aplicación os apartados a) ou b), os recursos non aplicados no propio exercicio ao financiamento de investimentos, destinaranse en sucesivos exercicios ás finalidades establecidas nos apartados a), b) e c), coa mesma orde de prelación, ata a súa aplicación total."

No Concello da Estrada, vista a situación actual do mesmo, resultando da última liquidación do exercicio 2010 un remanente de tesourería negativo en (-) 114.422,13 €, implica destinar os recursos obtidos pola diminución do 5% da retribucións do persoal (139.524,77 €), en parte (114.422,13€) a sanear tal remanente, e en parte (25.102,64 €) a diminuír o nivel de endebedamento.

Para dita amortización e necesario realizar unha transferencia de crédito, dende algunhas das partidas de persoal nas que se logran as reducións de gastos ás partidas de amortización de créditos a longo prazo, co correspondente expediente de modificación orzamentaria.

Visto o informe de Intervención de data 25 de outubro de 2011.

ACORDAMOS:

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte transferencia de crédito entre partidas orzamentarias do orzamento de gastos do exercicio 2011 co detalle que de seguido se relaciona: *APLICACIÓNS DE GASTOS SUSCEPTIBLES DE REDUCCIÓN*

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL	IMPORTE DA BAIXA DE CRÉDITO
134.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Protecc. Civil	126.450,00	5.224,25
230.0.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Serv. Sociais	91.038,00	4.551,88
320.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Educación Básica	44.211,00	2.210,53
323.0.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Gardería Infantil	25.159,00	1.477,92
330.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Cultura	59.530,00	2.976,48
920.0.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Administración Xeral	34.063,00	1.703,10
924.1.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Omix	20.758,00	1.037,89
930.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Serv. Económicos	34.063,00	1.703,10
340.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Deportes	18.875,00	494,74
324.0.130.00	Retribucións persoal laboral fixo. Conservatorio	148.342,00	3.722,75

TOTAL BAIXAS DE CRÉDITOS..... 25.102,64 €.

APLICACIÓNS DE GASTOS CON AUMENTOS DE CRÉDITO

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL	IMPORTE DA ALTA DE CRÉDITO
011.913.13	Amortización de préstamo BBVA 2009 46065641	15.925,00	25.102,64

TOTAL ALTAS DE CRÉDITOS IGUAL ÁS BAIXAS..... 25.102,64 €.

SEGUNDO: Este expediente de modificación de crédito (transferencia), que se aproba inicialmente, será exposto ó público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 38.2, en relación co 20.1, do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril.

TERCEIRO: Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

C) MOCIÓN RELATIVA A INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A CUMPRIR COMPROMISOS RELATIVOS Á AUTOVÍA AG-59.

Preséntase unha moción con carácter de urxencia polo grupo municipal do PSdeG - PSOE a que por parte do Pleno se inste á Xunta de Galicia a cumprir compromisos relativos á AG-59.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *Presentamos unha moción que cremos que ten urxencia. Xa lle pasamos copia aos voceiros dos grupos e ao secretario, e solicitamos que este Pleno inste á Xunta de Galicia a considerar nos seus orzamentos a Autovía AG-59 no seu treito Ramallosa – A Estrada. Traémola por urxencia a este Pleno porque como toda a Corporación sabe, o borrador dos orzamentos da Xunta de Galicia hai uns días que se fixo público e polo tanto as emendas estamos en prazo para facelas, polo que consideramos que sería interesante para os veciños e veciñas da Estrada, polo ben do sector económico para a súa dinamización, considerando o carácter vertebrador deste treito da autovía, que o Pleno do Concello da Estrada solicitase á Xunta que se inclúa nestes orzamentos e que considerase o treito da AG-59 Ramallosa-A Estrada, partindo de que é preciso facer emendas aos orzamentos e de que poidamos facer presión todos xuntos no nome do Concello da Estrada e dos seus veciños e veciñas. E sexan realidade despois de tantas promesas como fixeron no noso Concello, se convertan en realidade. Promesas que ademais no 2010 figuraban nos orzamentos, compartidas para distintas anualidades, que no 2011 non se cumpriron e no propio 2011 figuraban un investimento para o 2012 de 5,4 millóns de euros que tampouco se está cumprindo. Polo tanto como dicía solicitamos a este Pleno solicitar aprobar unha emenda aos orzamentos da Xunta a favor do treito da autovía Ramallosa – A Estrada.*

Sr. Alcalde: *Por parte do grupo de goberno trasladarlle que parece un pouco raro, pois parece que este Pleno ten dúas partes: unha primeira na que vostede critica que o goberno, aínda pasando por comisión, traía un asunto fóra da orde do día, e vostede non vota a favor da urxencia; e agora trae vostede un tema pola porta de atrás sen previo coñecemento deste goberno. Dixo vostede que se fixo público nestes días, e non, fíxose público xa hai bastantes días e os orzamentos fixéronse públicos o 14 de outubro, e estamos a 3 de novembro; tivemos tempo máis que suficiente para intentar chegar a acordo en caso de que os grupos políticos estivésemos en condicións de chegar a acordo sobre eses asuntos, cousa que vostedes non votaron a favor. O goberno está facendo un labor intenso de cara a materializar os obxectivos importantes que ten o Concello da Estrada, sabemos da necesidade de acometer grandes proxectos e investimentos e a Xunta de Galicia sabe das nosas prioridades á hora de solicitar as infraestruturas. Tamén somos sensibles á situación económica actual, e somos sensibles tamén a que foi o que pasou estes últimos anos con estas grandes infraestruturas que posiblemente algunha delas tiña que estar realizada antes do 2009 e non apareceu por ningún lado. E o que está claro é que nós somos un goberno que imos reclamar sempre á Xunta de Galicia o que cremos que se debe facer e iso é lexítimo e oportuno. Sabe vostede, que podó dicilo eu (que estiven dous anos no Parlamento de Galicia) cal é a canle de comunicación para este tipo de iniciativas: vostedes teñen uns representantes no Grupo Parlamentario no Parlamento de Galicia, eles propoñerán as súas iniciativas aos orzamentos da Xunta de Galicia, e é nese momento cando se debate as medidas que o Goberno teña que adoptar. Ademais, nós imos seguir loitando pola Estrada, ademais sei que imos ter ao PSOE do noso lado e ao BNG tamén para reclamar o que é lexítimo, pero no momento adecuado, no lugar adecuado e dende logo sempre cos intereses da Estrada por diante. Neste momento nin é o momento nin é o lugar; se queren presenten esta iniciativa, mantéñana levémola a unha comisión informativa e instemos á Xunta de Galicia. Sabe vostede que por desgraza o que vai pintado nos Orzamentos moitas veces non vale absolutamente para nada, sabe que houbo moitos proxectos na Estrada que tiveron consignación orzamentaria e daquela consignación orzamentaria non se quedou en nada, polo tanto o que vaia nos orzamentos vale de pouco se despois non hai vontade política de levalo a cabo. Nós estamos convencidos de que así vai ser, temos que neste momento priorizar aquelas accións que entendemos máis importantes, e pode estar segura que tanto autovía como calquera dos vellos e novos proxectos que poidan aparecer contarán co respaldo deste goberno e o seu traballo incondicional e estou convencido tamén que co apoio incondicional da oposición, polo que o noso voto da urxencia deste punto será en contra e cando vostedes a presenten na comisión informativa chegaremos a un acordo para instar á Xunta da execución desta infraestrutura e que se comprometan os prazos par levala a cabo; e teña por seguro que aí sempre vai atopar o apoio do PP e deste goberno.*

Unha vez sometida a súa urxencia a votación, emítense dez votos a favor (PSdeG – PSOE e BNG) e once en contra (PP) polo que por maioría de votos resulta rexeitada e polo tanto non se toma en consideración por parte do Pleno.

D) MOCIÓN RELATIVA A INSTAR Á XUNTA DE GALICIA RESPECTO AO 25 DE NOVEMBRO COMO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Preséntase unha moción con carácter de urxencia polo grupo municipal do PSdeG – PSOE a que por parte do Pleno se inste á Xunta de Galicia respecto ao 25 de novembro como Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: É unha mágoa que para este goberno non sexa o momento de mirar polos intereses dos veciños e veciñas da Estrada e presentarémola por comisión, pero despois ao mellor xa é tarde pois os Orzamentos da Xunta xa estarán avanzados. Lamentamos que non sexa o momento de velar polos intereses para o goberno pero agardamos que si sexa o momento para o goberno municipal de velar polos intereses de todas as mulleres e as súas familias do noso Concello. A seguinte moción queremos presentala posto que o vindeiro 25 de novembro é o Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Se ben esta é unha data que..., efectivamente este ano creo que xa van máis de 50 mulleres que faleceron a causa da violencia machista, coas complicacións que ten para as súas familias (menores e demais) e tradicionalmente esta é unha data que o Concello da Estrada vén mostrando o seu apoio en Pleno, unánime por parte de todos os grupos. Estrañounos que sendo o 25 de novembro que é unha data coñecida por todos non sexa o goberno municipal quen nos presenta esta moción e neste caso a concelleira de benestar posto que é quen leva a área do CIM vinculada a esta iniciativa neste caso; pero como dicimos o 25 de novembro é en novembro, non é en decembro. Se quere presentámola igual por rexistro pero igual tamén chega tarde. Entón tamén queremos presentar a urxencia desta moción cunha moción que tamén reivindica que xa está ben, que non podemos tolerar máis na sociedade a violencia de xénero, que todos debemos comprometermos e tradicionalmente o Concello da Estrada vén sendo un concello comprometido, que aposta sempre por erradicar da sociedade a violencia de xénero, polo que traemos a este Pleno unha moción da que lle fago chegar copia ao Sr. secretario e copia tamén ao goberno, e sometemos tamén a urxencia o debate desta moción para neste caso concreto instar á Xunta de Galicia a que tome as medidas oportunas posto que é o órgano autonómico quen ten competencias para adoptar estas medidas.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: A nós tamén nos sorprende que dado que o 25 de novembro efectivamente é en novembro, non se trouxese a este Pleno a posibilidade de sacar unha declaración conxunta por parte do Pleno. A nosa suposición era que había intención de que se elaborara unha declaración conxunta, que é o que debe ser, e non debater sobre mocións particulares de cada un dos grupos, senón que os tres grupos que compoñen a Corporación debiamos ter unha declaración conxunta na que o Concello da Estrada mostre o seu apoio a todas aquelas mulleres que sofren violencia de xénero. É un tema que non podemos deixalo en mans da loita partidista senón que son políticas que teñen que ser asumidas por todas as forzas políticas, governe quen governe. E pensamos que o importante é que saian declaracións conxuntas e non loitas partidistas.

Sr. Alcalde: Como lle comentaba no caso anterior, non se pode pretender unha cousa e máis a contraria no mesmo Pleno. Eu recoméndolle que vostede faga o mesmo trato coas iniciativas do PSOE como coas do PP, coa diferenza de que as que presenta este goberno pasan por comisión, independentemente de que sexan dunha cousa ou outra.. De feito a única que non está pasada por comisión da orde do día é a do BNG; hoxe está incorporada porque foi presentada en tempo e forma e entendemos que así debe ser. Se vostedes presentasen a iniciativa en tempo e forma poderíase analizar. Non vai ser a forma deste goberno de aceptar iniciativas ou mocións de carácter urxente a non ser que estean correctamente fundamentadas. Creo que o correcto será reunir a Xunta de Voceiros, facer unha moción conxunta de todas as forzas políticas que temos tempo suficiente para poder

facelo e emitir un comunicado conxunto das tres forzas políticas que nos permita ter unha presenza institucional por parte desta Corporación. Así, fagamos unha Xunta de Voceiros, elaboremos unha proposta conxunta os 3 grupos políticos e deste xeito así se debe entender e buscar o consenso entre todas as forzas políticas.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *Se ben di vostede que non veu en tempo e forma, dicirlle que o Regulamento onde se regulan os plenos fala de que se poden traer mocións por urxencia. Fala vostede de que non está ben explicada; ao mellor é que non vocalizo ben e non se me entende ben o que digo. Nós ofrecíámoslle a oportunidade (e dicíallo ao seu voceiro) de facer unha moción conxunta entre todos; vostede de plano dixo que non. Pois paréceme ben que agora o goberno propoña facer unha xunta de voceiros; está ben porque é unha tónica que vén marcando o grupo de goberno con maioría absoluta: convocar xunta de voceiros, pois a xunta de voceiros con carácter xeral está ben e dende logo estamos de acordo e dende logo isto debe ser conxunto e sempre o foi na anterior lexislatura, cando gobernaba un grupo municipal que traía estes temas en tempo e data porque recordaba estas datas. Ao mellor a data non é importante para algunhas persoas pero para outras si o é, porque é unha lacra desta sociedade. Parécenos ben que sexa unha moción conxunta e por iso a ofreciamos como unha moción do Pleno, unha moción do Concello Pleno; agora que se vostede de feito di que non, nós asumímolos, ten vostede maioría absoluta e tome vostede as decisións que considere pertinentes porque ten maioría e iso é legal; convoque vostede a Xunta de Voceiros para facer un manifesto institucional, pero tome conta que tradicionalmente traíase a este Pleno e aprobábase neste Pleno para que quedase recollida en acta. Parécenos correcto, esta moción viña por outro lado, vostedes non queren debatela nin convertela nunha moción conxunta, pois non nos queda outra opción máis que votala e xa está.*

Sr. Alcalde: *Está suficientemente debatido. Creo que non debemos frivolar con este tema e non debe facer vostede certos comentarios que están fóra de lugar. Aquí ninguén debe patrimonializar aspectos coma este, pois se dalgún xeito temos un obxectivo claro é estando todos unidos e non todos intentando patrimonializar este tema, polo tanto non caía vostede na frivolidade con este tema tan serio. E tamén lle recomendo que se aplique o conto. Vostede é capaz de xustificar unha cousa e maila contraria, é capaz de xustificar a urxencia e non xustificar hai 15 minutos a inclusión de dous asuntos que leva o goberno municipal despois de pasar por comisión informativa. É vostede capaz de xustificar unha cousa e maila contraria, como nós non temos ese don de momento, pois queremos marcar un criterio e unha liña clara, queremos marcar un criterio e unha comunicación oficial conxunta. Debemos xuntarnos e reunirmos na Xunta de Voceiros e empezar por mostrar o noso apoio incondicional ás mulleres o día 25 de novembro, por iso debemos estar xuntos e unidos contra esta lacra social, polo tanto levarémolo a unha comisión, polo tanto así os emprazamos e así será tratado na Xunta de Voceiros na que trataremos este tema e na que consensuaremos esa moción conxunta ou agardaremos a que aquí sexa, e así votaremos este punto na orde do día.*

Unha vez sometida a súa urxencia a votación, emítense nove votos a favor (PSdeG – PSOE), unha abstención (BNG) e once en contra (PP) polo que por maioría de votos resulta rexeitada e polo tanto non se toma en consideración por parte do Pleno.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2011, AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS.

Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre o 1 e o 30 de setembro de 2011, ámbolos dous incluídos. A Corporación queda sabedora

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: En primeiro lugar, saber se o Goberno municipal se puxo en contacto coa Xunta de Galicia para preguntar que vai pasar coa Cidade do Moble de Lagartóns, posto que en reiteradas ocasións se falou de que comezarían as expropiacións no 2011 e agora vemos para a nosa sorpresa e a de todos os estradenses, que nin sequera figura nos Orzamentos da Xunta de Galicia, nin sequera está contemplado nos Orzamentos o solo Empresarial para A Estrada, polo que nos gustaría saber se o Goberno municipal recibiu algunha explicación da Xunta de Galicia de por que non se contempla este polígono industrial da Cidade do Moble de Lagartóns.

Sr. Alcalde: Coñecemos a postura do goberno neste momento en relación ó solo industrial. Sabemos que debido á situación económica provocouse que case todos os investimentos en solo industrial caesen deste Orzamento 2012, orzamento onde para mostra está que non é unha prioridade do Goberno galego poñer a disposición máis solo empresarial do que xa hai na provincia de Pontevedra, son 7.000.000 de m2. Está claro e é certo que na Estrada ningún deses sete millóns nos tocou a nós, non é de agora, senón nos últimos anos non hai nin un só m2 de solo industrial no noso Concello; e sabemos ademais que é unha prioridade tanto no que respecta á aprobación da Cidade do Moble así como da ampliación do Polígono Industrial de Toedo. Para nós a Cidade do Moble seguirá sendo unha prioridade; este goberno sempre se caracterizou por intentar trasladar a realidade do que iso supón para A Estrada. Non imos participar en ningún tipo de reunión clandestina para que os propietarios que teñan as súas naves se subleven en contra dese proxecto, nunca diremos nalgún aspecto como pode ser este unha cousa en público e a contraria en privado, nunca intentaremos soliviantar os ánimos, dalgún xeito lexítimos das persoas que están aí e que dalgún xeito se van ver afectados por esa ampliación, senón que sempre queremos dicir a verdade, e a verdade é que este ano non había fondos para destinar a un proxecto como este da Cidade do Moble, o proxecto sectorial, cousa que eu creo que é moi importante. No ano 2009 colleuse un proxecto totalmente bloqueado a nivel de tramitación, sen ningunha posibilidade de atopar solución para a súa continuidade; houbo un compromiso por parte da Consellería para desbloquear ese proxecto, e posiblemente nunca se fixese sen un compromiso importante; houbo quen dixo que ese proxecto nunca se podería aprobar mentres que o Plan Xeral non estivese aprobado, e hoxe está aprobado sen estar aprobado o PXOM, e aquí dixéronse moitas inconcrecións e nós o que sabemos é que segue a ser unha prioridade para este goberno e que sabemos que a Cidade do Moble necesita un empuxe por parte da clase empresarial e un compromiso real de industriais e empresarios que queiran poñer en marcha os seus negocios; e dende o momento que esa iniciativa se poida constatar, o que está claro é que temos máis de 300.000 m2 de proxecto sectorial totalmente aprobado, que o único que quedaría, e estase tramitando ademais (e vostedes o saben) é o proxecto de execución e urbanización; e logo quedaría só expropiar e empezar coas obras de acondicionamento desas parcelas. Creo que se avanzou bastante e que agardamos que nos próximos meses a situación económica empezará a mellorar e que poidamos ter xustificación para levar a cabo ese proxecto ambicioso que vai a máis de 5.000.000 € que A Estrada precisa, e dende logo que traballaremos como dixen antes aínda con todas esas diferenzas que poidamos ter e a pesares dese criterio utilizado por algúns de dicir unha cousa en público e a contraria en privado; aínda así creo que contaremos co apoio desas forzas políticas para sacar adiante ese proxecto.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: Perdinme un pouco nas súas divagacións, e escoiteille falar de compromisos, de que tiña que parar porque non se ía investir en solo industrial, pero tamén lle escoitei dicir que faltaba o compromiso por parte dos empresarios pero que nos últimos meses avanzaría o proxecto. Finalmente non sei se realmente a Xunta lles comunicou cal era a razón de que non se contemplase ou non, pero bueno, unha explicación tan... como soía dicir vostede, que “tiña que expoñer e argumentar”...; se lle

pido que me concrete cal é a resposta do si ou do non e me volve a argumentar pois case chegamos á hora da pegada.

Outra pregunta é unha situación curiosa, pois dicía que o goberno sempre dicía a verdade, que non dicía unha cousa e despois outra, que traballaba en positivo, entón eu quero que tamén nos aclare unha cousa: no Pleno da Deputación, con respecto á ponte de Pervaviva en Cereixo, aprobouse unha expropiación para dita ponte, recentemente saía vostede en prensa dicindo que non ía ser necesario chegar a esa expropiación, pois case tiña pechado o acordo cos propietarios. Este grupo pregúntalle a vostede cal é a realidade. Existe acordo cos propietarios?, falouse cos propietarios?, cando van expropiar?, cando van comezar as obras?, está feito o proxecto?, sobre todo porque os fondos que viñan da Deputación, son uns fondos dun plan concreto, dunha anualidade concreta, o ano está a rematar, non sabemos se o proxecto está feito, se realmente se expropia, se hai que poñer cartos dende o Concello para esas expropiacións, se realmente quen os pon. Como está iso, Sr. Alcalde?.

Sr. Alcalde: *Se vostede non pregunta non pode ter información. Cando vostede pregunte, teña vostede por seguro que vai ter toda a información que necesite. Eu se quere cóntolle dende o principio, é un proxecto fácil de contar, sabe por que?, porque de maio de 2011 para atrás non hai nada, son 4 meses, podémolo resumir practicamente en 5 minutos, así como na Cidade do Moble si hai responsabilidades de maio para atrás e para adiante, neste proxecto de maio para atrás non as hai, porque nunca houbo vontade nin interese ningún dese goberno por facelo, e tivo posibilidades, polo tanto explícolle como está ese tema, non se preocupe.*

Neste momento auséntase do Pleno o Sr. Otero Espiño.

Vostede sabe que para ensanchar esa ponte, pedíuselle á Deputación a incorporación deste proxecto demandado por moi boa parte dos veciños e que se reclamou a este Concello. Sobre todo, pediuse dentro do Plan Provincial de Cooperación, é dicir da parte do PPC que lle corresponde á Deputación de Pontevedra; polo tanto a única rapidez coa que tiñamos que actuar era aprobar un proxecto antes do 30 de outubro, que era o prazo que nos marcaba a propia orde igual que no PPC a nivel do Concello da Estrada. É un proxecto de 180.000 € que asume integramente a Deputación dentro do PPC, no que o Concello da Estrada non vai ter que poñer un só euro, co cal é unha xestión moi beneficiosa para os nosos veciños e na que o Concello só ten que poñer a disposición os terreos. Como no PPC temos que acreditar a dispoñibilidade dos terreos e había certas diferenzas sobre todo con algún dos propietarios máis afectados por esta obra, e non había unha proposta de acordo de data na execución do proxecto, se tiñan dúas alternativas: a primeira era non cumprir coa disposición dos terreos e non se podía executar o proxecto, co cal para nós sería unha volta atrás moi importante e pelexamos para conseguir unha cousa arranxada, e o segundo caso sería iniciar expedientes expropiatorios, e no caso que non houberse acordo, en ningún caso se aprobou o expediente de expropiación, iniciouse porque é un trámite lento e como vostede ben sabe a Deputación non pode expropiar nin ocupar urxentemente, ten que facer un trámite a través da Xunta de Galicia, e polo tanto tomou ese acordo para que no caso de que definitivamente non se chegase a acordo e se o día 30 de outubro non tivéssemos ese acordo por escrito, ese acordo non se podería licitar dentro do PPC. Creo que foi un acerto extraordinario telo feito, creo que saben da importancia de chegar a un acordo cos propietarios porque saben da importancia de que aínda que nun momento puntual se van ver prexudicados polas obras nesa infraestrutura, os veciños dela se serven e logo van quedar moi mellorados, polo que imos dotarnos desa infraestrutura integramente, e estou convencido que imos chegar a un acordo cos propietarios onde cedan os seus terreos e que a Deputación faga esas obras tan necesarias dende hai un montón de anos e que este goberno vai poder facer.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *Nesas negociacións que vostede está a ter cos propietarios, ¿manexan algunha previsión de datas para poder poñer eses terreos a disposición?.*

Sr. Alcalde: *Nesas negociacións..., sabe vostede como son as negociacións. A min xa me*

gustaría telas pechadas antes do 30 de outubro e non ter que chegar a iniciar o expediente de expropiación, o que estou seguro é de que imos chegar a un acordo e agora xa non nos urxen as datas, pois do PPC temos este ano e gran parte do que vén para poder executar a obra e polo tanto é unha obra que non ten unha complicación técnica moi grande, que se pode executar nun prazo moi grande de tempo e agora xa o tempo non corre en contra, xa temos o proxecto aprobado e xa temos encamiñado un acordo cos propietarios e agardo que nun prazo non moi amplo de tempo poidamos ter a disposición eses terreos para poder acometer a obra no momento en que a Deputación teña licitada a obra, que non a ten adxudicada aínda.

Sra. Louzao Vieitez, do PSdeG – PSOE: *No capítulo de preguntas vou parar aquí porque senón corremos o risco de estar aquí moito tempo. Voume pasar ao capítulo de rogos, e en primeiro lugar trasladamos ao Concello para se quere que falemos con algún concelleiro en concreto ou o metamos por rexistro ou como: recentemente realizouse un Consello Escolar do IES Losada Diéguez no que o representante do Concello é un representante do grupo Socialista e pedíronnos que lle fixese chegar ao Concello que lle solicitase á Policía Local que fixese patrulla nos arredores do Losada Diéguez entre as seis da tarde e as oito da noite, porque tiveron certos problemas no entorno dese IES, polo que trasladamos isto no capítulo de rogos. E se nos din que o temos que trasladar doutro xeito, facémolo doutro xeito.*

Outro rogo que nos trasladan dende a parroquia de S. Xurxo de Veá: que segundo nos din teñen solicitado para o campo da festa un contedor dende o 13 de xuño, e segundo din non teñen resposta nin contedor, polo que rogamos que por favor atenda o Concello da Estrada esta solicitude.

Sr. Magariños Maceiras do BNG: *Facer fincapé na situación que comentaba entre as seis e as oito da tarde, non só nos arredores do Losada senón no entorno da Rúa da Cultura, hai algún que pensa que está no circuíto do Jarama e non, está nun recinto escolar, entón é ben que se pase por alí a Policía Municipal porque vai haber unha desgraza.*

Empezarei co rogo e é para que se lle traslade á Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas o estado no que se atopa o muro que hai preto da rotonda de Figueroa, un muro que ameaza con virse abaixo. Nos últimos meses colocáronse unhas testemuñas para ver se o suxeitaban, pero é evidente que están separados de cada unha das súas partes; o inverno vén aí e non vaia ser que nos atopemos cunha desgraza maior, e entón trasladarlle á Consellería de Infraestruturas que solucione isto canto antes.

Con respecto á segunda pregunta ten que ver coa situación que nos trasladan os veciños do lugar de Viarreal na parroquia de Tabeirós. Teñen serios problemas coa súa auga potable, dado que se subministran a partires de traída, pero dunha traída que xa nos meses de primavera seca, de feito xa secou, co cal teñen que recorrer aos pozos que teñen cada un nas súas propiedades, pero pozos artesáns, que están todos eles contaminados por augas fecais, e malia que teñen saneamento non está funcionando. Os veciños e veciñas parece ser que se dirixiron ao Concello solicitando a posta en marcha deste saneamento e a traída de auga para o lugar de Viarreal, e entón as preguntas son: cando se vai poñer en marcha o saneamento de Viarreal, de Tabeirós en xeral? e ante as necesidades da parroquia, en concreto de Viarreal, se ten previsto o Concello achegar á parroquia a Traída do Umia e cando?

Sr. Alcalde: *Moi ben Sr. Magariños, está vostede empeñado en facerlle unha moción de censura á xestión do goberno bipartito anterior, pois está criticando constantemente obras que deixaron sen executar cando tiveron posibilidade de facelo o goberno bipartito durante catro anos. Está claro que nós levamos catro meses de xestión nunha situación económica precaria, ogallá tivesemos 14 millóns de euros do goberno anterior e onde se poderían priorizar moitas accións que non se fixeron, pero moitas obras que se fixeron a través do Plan E e o Plan FEIL non están funcionando. Falamos da zona de Rubín, de Matalobos, Cora, de moitos saneamentos que en teoría ían executarse co Plan FEIL, que deberían estar en funcionamento e non o están, e en Tabeirós sería parecido. Co tema da auga, para nós sería unha cousa importante poder acometer esa infraestrutura, de feito estamos traballando cos técnicos para facer unha valoración de canto pode supoñer o custo de dotar de abastecemento de auga público ás parroquias que poidan beneficiarse da Traída de Augas*

do Umia, cunha memoria valorada para tentar xestionar ante a Xunta de Galicia, concretamente ante a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas o seu financiamento a través de Augas de Galicia, ou a través da empresa pública de servizos hidráulicos, esa é a nosa idea. Imos intentar presentar un proxecto que poida ser financiable pola Consellería e que poidamos ramificar a Traída de Augas do Umia e que poidamos dar un servizo con esa capilaridade a todos os núcleos das parroquias que poidan estar na área de influencia da auga potable da Estrada, esa é a nosa pretensión. Non estamos no marco orzamentario máis axeitado, pero agardamos ter posibilidades de acometelo o antes posible. Con respecto á obra que me comentaba: certo, eu púxenme en contacto co xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas para trasladarlle dous temas urxentes, un é o muro de contención, que me trasladou que de forma máis ou menos inmediata estaban facendo un seguimento semanal deses testemuños e tiñan constancia de que ese muro se estaba desprazando máis do debido e que previsiblemente estaban facendo unha comprobación semanal para ver de evitar un dano maior, pero están sobre aviso e que o arranxarán. Tamén solicitamos outra actuación prioritaria que é o tramo de estrada entre Orosa e Orazo no tramo vello da estrada que vai dar ao enlace da autoestrada; é unha reclamación xa feita no goberno anterior, e esa estrada está moi deteriorada, ademais dáse a circunstancia de que unha parte desa estrada é de titularidade provincial e outra autonómica e entón pedinlle por eses dous temas e agardo que nun prazo de tempo razoable teremos solucionada esa cuestión, sobre todo o problema do muro de contención que pode ocasionar un problema grave e de seguridade vial.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta e oito minutos.

A Estrada, 3 de novembro de 2011

O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González